



RESOLUCIÓN R 8/2012 - VIXILANCIA DA RESOLUCIÓN R 3/2012 COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

Pleno:

- D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente
- D. Fernando Cachafeiro García, vogal

En Santiago de Compostela, a 11 de decembro de 2012.

O Consello Galego da Competencia (en diante, Consello), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución o obxecto da cal é a vixilancia da Resolución R 3/2012, do 26 de setembro de 2012, recaída no expediente sancionador S 6/2012 incoado de oficio pola Subdirección de Investigación do Consello fronte ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) por posibles prácticas restritivas da competencia prohibidas polo artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC), consistentes no establecemento duns requisitos de acceso ás listas de peritos que elabora o Colexio que impiden ou dificultan o acceso aos arquitectos que desexen adherirse.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O 26 de setembro de 2012, o Consello Galego da Competencia ditou a Resolución R 3/2012, en cuxa parte dispositiva acórdase o seguinte:

"Primeiro: Acordar a terminación convencional do expediente sancionador R 3/2012 por considerar axeitados os compromisos presentados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, consistentes en:

1. Eliminar a figura da lista de peritos COAG.
2. Outorgar unha nova redacción aos criterios de acceso á lista de arquitectos peritos xudiciais, que se remite anualmente á Administración de Xustiza, atendendo unicamente ás condicións que indica a Lei de axuizamento civil, que consisten en que os interesados en formar parte da lista teñan o título de arquitecto, estean colexiados e manifesten previamente estar disposto a actuar como peritos.
3. Non elaborar listas de arquitectos peritos expertos ou especialistas do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ata que non se establezan criterios comúns elaborados polo Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España.
4. Difundir no portal corporativo colexial os termos da terminación convencional do presente expediente sancionador.



5. Comunicar individualmente aos colexiados o contido íntegro da presente Resolución de terminación convencional.
6. Non introducir no futuro cláusulas restritivas da competencia sobre as materias obxecto do referido expediente.

Estes compromisos son vinculantes para as partes nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 15/2007, e o seu incumprimento constitúe unha infracción grave de acordo co disposto no artigo 62.4.c) da mesma lei.

Segundo: Instar ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a que acredite documentalmente o cumprimento dos termos da presente terminación convencional e que, para tal efecto, remita á Subdirección de Investigación copia da convocatoria e da acta da Xunta Xeral na que se aprobe a modificación mencionada, así como o texto íntegro do novo Regulamento, todo iso no prazo de dez días hábiles dende a celebración da Xunta.

Terceiro: Encomendar á Subdirección de Investigación a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, polo tanto, dos compromisos propostos e das obrigas impostas para o eficaz cumprimento daqueles ".

2. Con data 5 de decembro de 2012, a Subdirección de Investigación, á que corresponde a vixilancia das resolucións do Consello Galego da Competencia, emitiu informe sobre o grao de cumprimento da resolución.
3. Na súa reunión do 11 de decembro de 2012, o Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou e pronunciouse sobre o presente asunto.
4. Son interesados neste expediente:
 - O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
 - A Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. - De conformidade co disposto polo artigo 42 LDC, corresponde ao Consello Galego da Competencia a vixilancia das resolucións e acordos que adopta en aplicación desta.

SEGUNDO. - Á vista do Informe de vixilancia do 5 de decembro de 2012, elaborado pola Subdirección de Investigación, o Consello considera que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia deu debido cumprimento ao ordenado na parte dispositiva da resolución. En concreto, o COAG xustificou a modificación do Regulamento da Agrupación de Arquitectos e Peritos Forenses e a divulgación dos termos da terminación convencional, tanto na súa páxina web como individualmente aos colexiados.

TERCEIRO. - Polo tanto, procede declarar o cumprimento da Resolución R 3/2012, do 26 de setembro de 2012, e acordar o peche da súa vixilancia.

En virtude de todo o anterior, o Pleno do Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

RESOLVE

PRIMEIRO. - Declarar que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia procedeu a dar cumprimento ao ordenado en Resolución R 3/2012, do 26 de setembro de 2012, recaída no expediente sancionador S 6/2012.

SEGUNDO. - Dar por concluída a vixilancia do cumprimento da mencionada Resolución.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación e notifíquese aos interesados, facéndolle saber que a mesma pon fin á vía administrativa e que pode interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende a súa notificación.